

Acta da Sesión Ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade

LISTA DE ASISTENTES

Javier Abuín Penas, Ana Amorós Pons, Xosé Manuel Baamonde Silva, Vicente Badenes Plá, Juan Manuel Corbacho Valencia, Julia Fontenla Pedreira, Silvia García Mirón, Oswaldo García Crespo, Beatriz Legerén Lago, Jorge Lens Leiva, José Manuel López Fernández, Román Pereiro Rodríguez-Lepina, Diana Ramahí García, Talía Rodríguez Martelo, José Rúas Araujo, Emma Torres Romay.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Alberto Dafonte Gómez, Miguel Anxo Fernández Fernández, Ana Belén Fernández Souto, Sergio Frade Fraga, Carmen Maiz Bar, María Isabel Martínez Martínez, Luis Xabier Martínez Rolán, María Isabel González Míguez, Julinda Molares Cardoso, Alberto Pena Rodríguez, Paulino Pérez Feijoo, Fortunato Rodríguez Fernández.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo que tivo lugar o mércores 11 de outubro do 2023, ás 13:00 horas en primeira convocatoria e ás 13:30 horas en segunda convocatoria na Sala de Graos da Facultade de Comunicación coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A profesora Emma Torres solicita que a súa exposición figure como profesora e non como decana.

Apróbase.

2.- Informe do director.

O director dá a benvida ao profesor Paulino Pérez Feijoo que se incorporou o día 22 de setembro despois dunha baixa. Así mesmo dá a benvida á profesora Talía Rodríguez e ao profesor Xabier Abuín pola toma de posesión como axudantes doutores/as e á profesora Julia Fontenla como contratada interina.

A continuación, o director informa dos prazos de peche de exercicio económico para que se teña en conta de cara ao peche de contratos programas e adquisicións con cargo á produción científica.

Confirma que a nova plataforma de xestión “Sigma” segue en proceso de implantación o que provoca erros en diferentes aspectos do noso traballo, como son as actas, listaxes de alumnado, etc.

Por outra banda, recorda que nas probas da convocatoria de Fin de Carreira son os docentes que impartiron docencia o pasado ano os que deben facer os exames desta convocatoria extraordinaria.

O director informa que xa temos o orzamento para o próximo ano, moi semellante ao actual,

Orgánica: EX14 Funcional: 131H

Art.	Cto.	Subcto	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Art.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministración e outros			4.769,02
	220		Material de oficina		500,00	
	221		Subministrados		900,00	
		221.03	Subministrados investigación	900,00		
	222		Comunicacións			
	223		Transportes			
	226		Gastos diversos		3.369,02	
		226.01	Atencións protocolarias	500,00		
		226.06	Cursos conferencias e seminarios	1.300,00		
		226.99	Outros gastos	1.569,02		
	227		Traballo realizado por outras empresas			
		227.09	Outros			
23			Indemnización por razón de servizos			1.700,00
	230		Axudas de custo e locomoción		900,00	
	233		Outras indemnizacións		800,00	
62			Total capítulo II			6.469,02
			Cap. VI. Inversións reais			
64			Invest. asoc. funcionamento servizos			
	625		Mobiliario e equipamento			
			Gastos de investimento de carácter inmaterial			
	641		Axuda xeral a investigación			
		641.01	Gastos de investigación dos departamentos			
			Total capítulo VI			

TOTAL CRÉDITOS

6.469,02

Aproveita para recordar que unha vez que se retomaron as actividades do Foro da Comunicación, e debido á nosa achega de 600 euros ao mesmo, podemos optar a presentar catro capítulos que se farán este ano coa editorial Tirant.

O venres 22 de setembro de 2023 tivo lugar unha xuntanza co reitor no que se fixo unha "Presentación dunha proposta de liñas básicas de mellora nos tempos e no procedemento de elaboración das PDA e POD para o curso académico 2024/2025". Debido á súa imposibilidade de asistir, delegou na secretaria de departamento que procede a facer un resumo do que se comentou:

Dende a Vicerreitoría de Xestión Académica e Profesorado son conscientes dos atrancos e problemas xurdidos pola tardanza en aprobar as PDA e os POD, o que provocou un considerable retraso na convocatoria das prazas de profesorado. Dito o cal piden desculpas polo acontecido. A continuación, comprométense na medida do posible a cumprir o seguinte calendario:

Ter a PDA aprobada no mes de decembro e o POD entre o mes de febreiro e marzo, facilitando que as prazas que sexan necesarias poidan convocarse e estar resoltas antes do peche dos centros no mes de agosto. Ademais indican que, a partir de agora, as convocatorias para renovación de listas de agarda poderán facerse en calquera momento do ano sen necesidade de esperar a ter o POD feito.

A propósito de esta información, a profesora Emma Torres Romay di que no caso das ensinanzas de linguas o proceso de lista de agarda conta con condicións especiais xa que non todos os perfís son adecuados para impartir calquera lingua ao ser unha área con moitas especificidades, polo que insta ao departamento a facer unha consulta con Dirección de Profesorado para estudar a posibilidade de que se apliquen ao noso departamento os mesmos criterios (xa que non todos os docentes teñen o mesmo perfil, e non todos podemos impartir calquera das materias do noso POD).

O director aproveita para confirmar que, tras unha conversa coa a directora de Profesorado, recibiu a confirmación de que non se van permitir máis de 8 horas de folgura.

O profesor Xabier Abuín, solicita que se consulte a profesorado se o profesorado axudante doutor que tomou posesión da súa praza antes da LOSU con carga docente de 240 horas, terán a mesma opción que aqueles que o fixeron despois e que só teñen una carga docente de 180 horas.

3.- Ratificación dos cambios aprobados na permanente do día 29 de setembro do 2023

A continuación explícase o tratado na Comisión Permanente mantida o día 29 de setembro coa finalidade de asegurar a docencia do primeiro cuadrimestre:

1. A materia **P04-G190906- Publicidade, Artes Gráficas e Tipografía** non ten docente asignado, nin temos no departamento perfil adecuado, polo que se aproba solicitar unha invitación a profesorado para a profesora Margarita Pastoriza (invitada no pasado curso)
2. A materia **P04-G190404 – Redacción e locución publicitaria**, ten docencia vacante pero non deixan sacar invitación xa que temos docentes con folgura de entre 10 e 13 horas. Contactado co profesorado afectado, constátase que estes non poden impartila por incompatibilidade horaria con outras materias que xa están a impartir, polo que reiteramos a solicitude dunha ampliación do contrato de lista de agarda vixente, para impartir a docencia a profesora Talía Rodríguez Martelo.
3. Finalmente, no caso da materia **P04-G071402- Guión, produción e realización de informativos**, aprobouse que a profesora Isabel Martínez imparta as 12 horas que tiña de folgura e unha a ampliación de 20 horas a maiores, que pasará a bolsa de horas, que esperamos se teña en conta na elaboración do POD do vindeiro curso.

Aprobáanse.

4.- Aprobación, se procede, da proposta de modificación POD do curso 2023-24

A secretaria do Departamento informa que, tras solicitar á Dirección de Profesorado os tres puntos aprobados na comisión permanente, os dous primeiros foron rexeitados polos motivos seguintes:

1. As invitacións son por ano natural e a profesora Pastoriza xa estivo invitada no segundo cuadrimestre do curso 2022-23.
2. No se pode alterar unha praza de lista de agarda.

Nos caso da profesora Isabel Martínez acéptanse as súas horas e anótanse as 20 horas de máis para descontalas no próximo POD.

Infórmase que dende o 29 de setembro producíronse os seguintes cambios:

A profesora Talía Rodríguez asina unha praza da Lista de Agarda do ano 2021-2022,

Rodríguez Martelo, Talía	P04-G071302	Posproducción I	OB	1SG	0	60	0
	P04-G190405	Teoría e práctica da comunicación televisiva	OB	2SG	22	8	0
	P04-G190404	Redacción e locución publicitaria	OB	1SG	0	60	30
	TOTAL:				180		

Pero, con posterioridade resólvese a praza **AD2301-X14-105-AX2-TC-01**, e a candidata proposta pola CEA Talía Rodríguez renuncia á praza de Lista de Agarda e procede a tomar posesión como axudante doutora coa seguinte docencia:

Rodríguez Martelo, Talía	P04-G190904	Comunicación de crise	OP	1SG	10	5	5
AX	P04-G190504	Producción publicitaria en medios audiovisuais	OB	2SG	25	20	15
	P04-G190404	Redacción e locución publicitaria	OB	1SG	0	60	40
	TOTAL:				180		

O profesor Xabier Abuín toma posesión da praza de Axudante Doutor que se atopaba reclamada coa seguinte docencia:

Abuín Penas, Javier	P04-G190401	Elaboración da mensaxe publicitaria	OB	2SG	50	60	40
AX	P04-G071313	Contornas virtuais en comunicación	OP	2SG	25	25	
	P04-G071401	Propaganda en medios audiovisuais	OB	1SG	25	0	0
	TOTAL:				225		

A profesora Julia Fontela asina a unha praza de contratada interina de substitución coa seguinte docencia:

Fontenla Pedreira, Julia	P04-G190906	Publicidade, artes gráficas e tipografía	OP	1SG	25	30	20
--------------------------	-------------	--	----	-----	----	----	----

Lista de agarda	P04-G190402	Estratexias de comunicación publicitaria	OB	2SG	50	25	0
	TOTAL:				150		

A maiores e debido á resolución das prazas de asociados co perfil de comunicación sonora, e xa que o candidato proposto nas dúas prazas é o mesmo, o profesor Xabier Fernández Abreu, coa finalidade de cubrir a docencia do primeiro cuadrimestre, faise unha modificación da docencia da materia Posproducción de audio asignándolle a mesma de forma completa a este profesor e deixa parte da docencia da materia do segundo cuadrimestre.

Abreu, Javier	P04-G071208	Expresión sonora	OB	2SG	15	30	0
	P04-G071311	Posproducción audio	OP	1SG	25	50	0
TOTAL:				120			

O profesor Paulino Pérez Feijoo, xa que consta con 15 horas de folgura, solicita un cambio no POD que consistiría en intercambiar horas coa profesora Laura Miragaya (cóntase co acordo da profesora)

- O profesor Perez Feijoo, collería as 30 horas da profesora Miragaya na materia Comunicación: Tecnoloxía dos medios Audiovisuais, o que se sumaría as 15 horas de folgura,
- A profesora Laura Miragaya, asumiría 30 horas da materia Guión, Producción e Realización de Ficción.

Unha vez realizadas estas modificacións, quedaría por cubrir para o primeiro cuadrimestre as seguintes materias:

P04-G071402	Guión, produción e realización de informativos	OB	1SG	0	58	0
P04-G071302	Posproducción I	OB	1SG	0	60	0

Polo que dende o Consello se solicita que se active a lista de agarda para atender a docencia vacante.

É importante subliñar que o profesor Sergio Frade, que imparte clase no primeiro cuadrimestre na materia Guión, produción e realización de informativos, solicita a baixa

por paternidade que tiña pendente dende o 3 o 17 de novembro e o permiso de lactación dende o 23 de novembro o 20 de decembro. O director informa que está pendente de saber se se poden autorizar os ditos permisos, e en caso afirmativo sería preciso cubrir 36 horas máis de informativos, o que implica atender 94 horas na materia de Guión, Producción e realización de informativos.

Apróbase

5.- Asuntos de trámite

A profesora Isabel Martinez solicita unha estadía de máis de 15 días, dende o 16 de outubro de 2023 o 15 de decembro de 2023 na escola de Superior de Teatro e Cinema, Instituto Politécnico de Lisboa.

Non hai asuntos de trámite.

6.- Rolda de intervencións

Sen nada mais que tratar, péchase a sesión ás 14:20 horas.

Pontevedra 11 de outubro do 2023

O director do departamento

A secretaria do departamento

Firmado por RUAS ARAUJO
JOSE - ***7579** el día
02/07/2024 con un
certificado emitido por AC
FNMT Usuarios

LEGEREN
LAGO
BEATRIZ -
36059057W

Firmado digitalmente
por LEGEREN LAGO
BEATRIZ - 36059057W
Fecha: 2024.04.04
21:05:29 +02'00'